



Indicadores do sector lácteo vacún

O Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (Cetal) iniciou a publicación mensual de dous novos informes que recollen os indicadores clave da evolución do sector lácteo, cos cales se pretende contribuír a mellorar o coñecemento da situación e as perspectivas dun sector fundamental do noso tecido agroalimentario.

Mercedes Corral, Manuel Vázquez, María Ortiz
Técnicos da Área Láctea do Cetal

O Cetal é un centro tecnolóxico agroalimentario de ámbito nacional con forma xurídica de fundación, situado en Lugo desde 2007. É un organismo público tutelado polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e ten por obxectivo promover e apoiar a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico sustentable para potenciar a competitividade do sector agroalimentario.

O Cetal, no marco da súa liña de actuación dirixida a contribuír á transparencia do sector lácteo como elemento fundamental para o avance no equilibrio da cadea de valor do leite, iniciou en febreiro de 2018 a publicación de dous novos informes que, con periodicidade mensual, recollerán indicadores clave de dito sector.

Esta iniciativa ten os seus antecedentes directos na asunción por parte do Cetal, xa en 2013, da encomenda que o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente lle encargou, destinada a elaborar mensualmente o Observatorio de Prezos do Leite e os Produtos Lácteos nos distintos elos da cadea de valor. Este informe continúa elaborándose mensualmente

conforme á metodoloxía, o contido e o formato acordados no seu momento polo Comité de Seguimento do Convenio Lácteo, hoxe encadrado no Acordo para a Estabilidade e Sustentabilidade da Cadea de Valor do Sector de Vacún de Leite de 23 de setembro de 2015.

Agora complementábase o labor divulgativo iniciado co Observatorio de Prezos incorporando exclusivamente unha selección de indicadores que faciliten unha visión global do pulso sectorial mes a mes. Empregando criterios metodolóxicos propios e partindo de fontes directas de acreditada solvencia evitouse, na medida do posible, ofrecer información redundante coa incorporada noutros informes sectoriais elaborados por distintas entidades.


Funcionalmente prográmase a emisión de dous informes mensuais. Un avance na primeira semana de cada mes, centrado especificamente nos prezos e entregas do sector produtor, e un informe completo na última semana de cada mes, no que se recollen indicadores que abarcan os tres elos da cadea de valor do leite: produción, industria e distribución. Estes informes están dispoñibles na páxina web do centro: www.cetal.es.

Estruturalmente establécense cinco bloques temáticos, tres referentes a cada un dos elos da cadea de valor do leite (produción, industria e distribución), un cuarto centrado no comercio exterior e, finalmente, como elemento de integración, un último bloque con indicadores relativos á cadea de valor.

En cada un destes bloques temáticos destacan de forma especial indicadores inéditos no actual panorama de información sectorial. Así mesmo, introdúcese a utilización de equivalentes leite nos indicadores relativos á produción industrial, á distribución, ao comercio exterior e á cadea de valor co fin de establecer unha visión da evolución do sector desde unha perspectiva global.

Evolución mensual das entregas de leite na cornixa cantábrica e o resto de España

% de entregas sobre o total de España



* Non incluída Canarias pola súa condición de Rexión Ultraperiférica na UE

(*1) Último mes: feb-18

Fonte: elaborado por Cetel a partir de FEGA

PRODUCCIÓN

Xunto coa información clásica acerca da evolución das entregas nas comunidades autónomas, o Estado e a UE, incorpórase un indicador que analiza os potenciais desprazamentos de produción entre a España húmida (cor-

nixa cantábrica a grandes trazos) e a España seca (mediterránea). Por mor da finalización do réxime de cotas pareceu iniciarse unha tendencia neste sentido cuxo seguimento e evolución resulta de interese. ►

Seal+ plus

FROM 2 GAMMA THE INVENTOR OF OXYGEN BARRIER SILAGE FILM

Distribuido exclusivamente por:

AGUSTI PLA NESPLE Tona (Bcn)

Mobil: +34 609 729711

Mail: agustipla@hotmail.com

La Película de plástico para ensilaje con
Barrera de Oxígeno EVOH

- ✓ Barrera de Oxígeno EVOH.
- ✓ Anchura: desde 4 a 56 mt.
Longitud: hasta 600 mt.
- ✓ Adecuado para todas las necesidades

SealPlus
Underlay
Beige 45µ

SealPlus
Beige/Black
Film 80µ

SealPlus
Black/White
Film 150µ

SealPlus
Wall Film
110µ

SealPlus
Stretch Gold
25µ



Objetivo de SealPlus es proteger su silo, bloqueando la transpiración de oxígeno, que es la principal causa del deterioro del ensilado.


Seal+ plus

SealPlus - 2 Gamma Srl:

Corso Inghilterra 15, Mondovì, CN - Tel. +39 0174 597679 - www.sealplus.com - info@sealplus.com

► PUBLICARASE UN AVANCE NA PRIMEIRA SEMANA (PREZOS E PRODUCCIÓN) E O INFORME COMPLETO NA ÚLTIMA SEMANA DO MES

Diferenciais de prezo do leite estandarizado e sen estandarizar coa media de España



O prezo en €/100 kg está referido ao contido real de graxa e proteína


O prezo en €/100 kg ECM correspóndese con contidos de 4 % de graxa e 3,3 % de proteína

* Non incluída Canarias pola súa condición de Rexión Ultraperiférica na UE

Fonte: elaborado por Cetel a partir de FEGA e IFCN

Respecto dos prezos percibidos polos produtores incorpórase un novo indicador. Elabóranse os prezos estandarizados ECM (*Energy Corrected Milk* [leite corrixido por enerxía]: 4 % de graxa e 3,3 % de proteína), que permiten establecer unha análise comparativa real entre os prezos percibidos nas distintas comunidades autónomas.

Desviacións mensuais do prezo do leite pagado ao produtor, da produción e do consumo



Fonte: elaborado por Cetel a partir de Eurostat, MMO, BDCH-Mapama e Idega-USC

Realízase unha análise de prezos, pero tamén se elabora unha serie de indicadores sobre parámetros que, máis aló da evolución dos mercados de *comodities*, actúan sobre o comportamento dos prezos nas distintas comunidades autónomas e no conxunto do mercado español.

A relación entre prezo e volume de entregas ou o grao de autoabastecemento de cada comunidade autónoma son dous destes novos indicadores. Tamén é destacable un novo indicador que analiza desde unha perspectiva histórica as correlacións prezo, produción e consumo. ►►

Alfalfa de secano e regadío

Mesturas Forraxeiras

Gama SPEEDYLMIX, 6 tipos de pradeiras
anuais de sega ou pastoreo

Gama PLURIMIX, 4 tipos de pradeiras
perennes para secanos frescos

Gama REGMIX, 3 tipos de pradeiras
perennes de regadío

Gama SECMIX, 2 tipos de pradeiras
perennes para secano


Alfalfa SAN ISIDRO, elevada produ-
ción, gran perenidade, secano ou regadío

VICTORIA, a Alfalfa mellorada, para
secano ou regadío

Alfalfa TIERRA DE CAMPOS, rústica
e adaptada ao secano



Evolución mensual da produción de lácteos, o seu equivalente leite e grao de industrialización



(*1) Último mes: xan-18

(*2) Eixe principal: miles de toneladas


(*3) Eixe secundario: grao de industrialización do leite (tn equivalente leite/tn produto lácteo)

Queixo: produto lácteo e equivalente leite excluídos queixos de mestura

Fonte: elaborado por Cetal a partir de Eurostat e Idega-USC

Evolución do grao de industrialización do leite en países de referencia para España (*1)

Relación entre o produto lácteo industrial e o seu equivalente leite



► ELABÓRANSE OS PREZOS ESTANDARIZADOS ECM, QUE PERMITEN ESTABLECER UNHA ANÁLISE COMPARATIVA REAL ENTRE OS PREZOS PERCIBIDOS NAS DISTINTAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

INDUSTRIA

Na mesma liña que a seguida na selección de indicadores relativos ao sector produtor, xunto coa información tradicional, volumes de produción e índices de prezos industriais, preséntase unha serie de novos indicadores que inciden na análise da evolución do grao de industrialización do leite en España e o seu desenvolvemento comparativo cos países de referencia na UE.

(*1) Os 10 principais países produtores da UE máis Portugal. Exclúense Irlanda e os Países Baixos por ausencia de datos completos por confidencialidade.

(*2) 2018 (Xaneiro-Xaneiro)

Fonte: elaborado por Cetal a partir de Eurostat e Idega-USC

DISTRIBUCIÓN


Xunto cos clásicos indicadores sobre a evolución do prezo do leite e dos volumes consumidos nos fogares

españóis, tanto en produto como no seu equivalente leite, preséntase un indicador comparando a evolución dos índices de prezos dos principais

produtos lácteos fronte ao índice global de prezos para o *mix* de produtos lácteos fabricados e comercializados en España.

Índices de prezos das principais tipoloxías de produtos lácteos e índice xeral

Índice de prezos na distribución




(*1) Último mes: xuñ 2017

Ano base 2010=100

Fonte: elaborado por Cetal a partir de Eurostat e BDCH-Mapama

Balance anual de comercio exterior de produtos lácteos

Toneladas



(*1) 2018 (Xaneiro-Xaneiro)

Os datos inclúen queixos de mestura, ovella e cabra, así como leite de cabra

Fonte: elaborado por Cetal a partir de DATACOMEX e Idega-USC

COMERCIO EXTERIOR


Introdúcese neste apartado unha serie de indicadores que permiten analizar a evolución do comercio exterior con base no equivalente leite dos produtos lácteos. Con iso plásmase de maneira fiel a realidade da balanza comercial, a

cal, doutro xeito, adoita quedar distorsionada polo sobrepeso dos produtos de gran volume, pero de baixo nivel de transformación.

En paralelo, e xunto cunha pormenorizada información sobre o escandalo de importacións e exportacións, así como a súa serie histórica, preséntase un interesante indicador no que se visualiza a evolución do seu valor unitario nos últimos anos. ►►

Evolución anual do valor unitario de exportacións e importacións de leite e produtos lácteos

€/tonelada




(*1) 2018 (Xaneiro - Xaneiro)

Os datos inclúen queixos de mestura, ovella e cabra, así como leite de cabra

Fonte: elaborado por Cetal a partir de DATACOMEX e Idega-USC

Evolución mensual dos volumes de leite en cada elo da cadea de valor



(*) Miles de toneladas de leite


(*) Miles de toneladas de equivalente leite

(*) Distribución: exclusivamente produtos lácteos consumidos no fogar

(*) Último mes: Producción xan-18 Industria xan-18 Distribución xuñ-17

Fonte: elaborado por Cetal a partir de FEAGA, Eurostat, BDCH-Mapama e Idega-USC

Evolución mensual dos índices de prezos do leite en campo e os seus custos de produción



(*) Índice de prezos do leite pagados ao produtor

(*) Índice de custos de produción baseado nos custos de fóra da explotación. Índices en posición explotación gandeira e sen incluír o IVE

(*) Último mes: Prezos xan-18 Custos nov-17

Fonte: elaborado por Cetal a partir de MMO e (IPPPA-RECAN)-Mapama

CADEA DE VALOR

Neste último bloque intégrase información relativa aos tres elos que a estruturan (producción, industrialización e distribución), e obtense así unha imaxe global do devir sectorial. Ofrécense indicadores que plasman de forma integral non só os índices de prezos de saída de cada elo, senón tamén a evolución histórica dos seus volumes de saída.

Respecto ao sector produtor, máis aló de pretender ofrecer unha visión de perdas ou beneficios, introdúcese un indicador no que se reflicte de forma comparada a evolución de custos e prezos a través de índices. Este último indicador resulta especialmente interesante para comprender a intensidade, a periodicidade e a duración dos distintos períodos de crises e bonanza sectorial.

CONCLUSIÓN

En definitiva, o Cetal elaborará mensualmente un total de 40 gráficos con indicadores clave para o seguimento sectorial, contribuíndo coa súa publicación a mellorar o coñecemento da situación e das perspectivas dun sector fundamental do noso tecido agroalimentario.

Este informe é un proxecto vivo que evolucionará no tempo coa introdución de novos indicadores ou coa súa revisión metodolóxica, con novos criterios e fontes, para a elaboración dos xa incorporados, sempre en aras de lograr achegarse da maneira máis fidedigna á realidade sectorial. ■